


SELECCIÓN DE DOCUMENTOS. TEMA 28. A SOCIEDADE NO S. XIX

Doc.1.- “A presentación” (1883) de Luís Jiménez Aranda



Doc.2.- Concesión de títulos nobiliarios (1834 – 1900)

Nobres	Títulos anteriores a 1834	Títulos concedidos entre 1834 e 1868	Títulos concedidos entre 1868 e 1900
Ducados	68	18	10
Marquesados	591	120	152
Condados	322	196	93
Vizcondados	35	33	13
Baronías	35	34	10
TOTAL	1051	401	278

Fonte: Hª de España 2º Bacharelato. Vicens Vicens

Doc.3.- Informe histórico de Chamberí, Madrid 1852

“É preciso entrar nesas habitacións para formarse unha idea da súa insalubridade (...). Apenas se atopa unha desas chozas con ventilación, con embaldosado, con fogóns nin fogares, nin aínda con cheminea para a saída de fumes, nin localidade senón para un matrimonio con os seus dous fillos pequenos: pois ben, nestes cortellos soen habitar 3, 4, 5 familias, con 18 ou 24 persoas de ambos os dous sexos (...). Se con arranxo á ordenanza municipal non se consentiran nestes cortellos máis persoas que as que permiten os corenta pés superficiais por cada unha, non poderían exixir aos propietarios o exorbitantes arrendo que sacan. (...)”.

Doc.4.- Vida media da poboación española a mediados do s. XIX

	Clase Rica	Clase mesteiral	Clase xornaleira
HOMES	38.8	25.4	19.7
MULLERES	34.1	24.9	17.4

Fonte: Hª de España 2º Bacharelato. Vicens Vicens

Doc.5.- Informe de Luís Aner, Comisión de Reformas Sociais, Madrid, 1883

“En Reus traballan os nenos sesenta e seis horas semanais; entran nas fábricas aos seis anos de idade, e dende esta á de catorce ganan de 6 a 16 reais por semana (...). En Barcelona gañan algo máis; traballan sesenta e nove horas á semana e entran tamén a traballar aos seis anos (...). A idade de seis anos para empezar a traballar é a xeral, non só en Cataluña, senón tamén nos demais centros fabrís de España, como Alcoi, Granada, Antequera, Valencia e Valladolid.

Hai fábricas onde non se deixa entrar aos nenos de peito para que a súa nai lle dea de aleitar, e se teñen dado casos de despedir a unha obreira por atreverse a facelo (...)."

Doc.6.- Salarios e prezos en Madrid

Promedio de salarios diarios en 1905 (ptas.)		Pezos de produtos en 1900 (ptas.)	
Gráficas	5.50	Zapatos	10.00
Metalurxia	3.85	Carne de vaca	2.80
Construción	3.50	Bacallau	1.20
Transporte	3.40	Leite	0.80
Alimentación	3.20	Pan	0.42
Confección	2.30	Viño	0.30
		Patacas	0.15

Doc.7.- Sobre a muller. Artigo publicado no xornal «La Vanguardia», 26 de febreiro de 1889.

"En si mesma, a muller non é como o home, un ser completo; é só o instrumento da reprodución, a destinada a perpetuar a especie; mentres que o home é o encargado de facela progresar, o xerador da intelixencia... creador do mundo social".

Doc.8.- Fragmento de "A educación da muller". Concepción Arenal (1892)

"Se a educación é un medio de perfeccionar moral e socialmente ao educando; se contribúe a que cumpra mellor o seu deber, teña máis dignidade e sexa máis benévolo; se procura fortalecer cualidades esenciais, xerais sempre, aplicables calquera que sexa a condición e circunstancias da persoa que forma e dignifica; e se a muller ten deberes que cumprir, dereitos que reclamar, benevolencia que exercer, parécenos que entre a súa educación e a do home non debe haber diferenzas".

Fonte: https://es.wikisource.org/wiki/La_educaci%C3%B3n_de_la_mujer

Doc.9.- Taxas de analfabetismo en España

	Mulleres	Homes	Total
1860	88,4	58,5	73,5
1887	75,5	48,4	62,7
1900	66	45,7	56,2
1930	39,4	24,8	32,4
1950	21,7	12,3	17,3
1960	16,7	8	12,1
1981	9,2	3,6	6,6
1995	—	—	2,9

Doc. 10.- Condición legal da muller na España da Restauración

Art. 57. O marido debe protexer á muller, e esta obedecer ao marido.

Art. 59. O marido é o administrador dos bens da sociedade conxugal [...].

Art. 60. O marido é o representante da muller. Esta non pode, sen a súa licenza, comparecer en xuízo por si ou por medio de Procurador [...].

Art. 61. Tampouco pode a muller, sen licenza ou poder do seu marido, adquirir [...], nin allear os seus bens.

Art. 62. As compras de xoias, mobles e obxectos preciosos, feitas sen licenza do marido, só se validarán cando este tivese consentido á súa muller o uso e desfrute de tales obxectos [...].

Código Civil, 1889

Doc. 11.- En contra e a favor do voto femenino

Así como o home, ademais do seu entendemento, posúe aptitudes físicas que lle permiten afrontar a loita dos comicios, pola contra a muller, que ten con frecuencia gran sagacidade, está menos dotada da capacidade de xeneralizar e non se fixa moito en cuestións públicas [...]; ademais, a súa saúde, relativamente feble, a súa santa función de nai, o seu pudor, impide que asista a reunións electorais, a asembleas ruidosas e a loitas ardentes. Non foi o lexislador quen dispuxo este modo de ser da muller; foi a natureza [...]. Por máis que se diga, o exercicio dos dereitos políticos privaría ás mulleres do tempo necesario para atender aos deberes propios do seu sexo [...]. Desde o instante en que a igualdade de dereitos políticos exista na familia, fácil será que desapareza a harmonía entre o marido e a muller.

R. FERNÁNDEZ VILLAVERDE. Consideracións histórico-críticas sobre o sufraxio universal como órgano de representación política nas sociedades modernas. 1889

Se entre un home científico, un filósofo e un analfabeto non existe diferenza algunha e os seus votos pesan igualmente nos destinos do país, cabe preguntar: por que se exclúe á muller?

El Correo de Galicia, 28/11/1911

Iso de que a muller, por exemplo unha viúva ou unha solteira, que paga contribución, unha nai de familia, titora dos seus fillos, persoas todas de capacidade, non teñan voto, non poidan intervir e, en cambio, o teña calquera pailán, que nin sequera sabe poñer a súa sinatura, só porque é home, é un absurdo, un contrasentido.

El Correo de Galicia, 10/02/1917

Doc. 12.- Xornais (pesetas/día) na factoría de Santa Ana de Bolueta (Bilbao):

Ano	Xornal mulleres	Xornal homes
1878	1,25	2,61
1882	1,25	2,62
1886	1,25	2,90
1890	1,25	2'76
1894	1,25	2,89
1898	1,51	3,16